



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE FAN PÚBLICAS AS LISTAS DEFINITIVAS DE PERSOAS ADMITIDAS, DE AGARDA E EXCLUÍDAS DO PROCEDIMENTO EXTRAORDINARIO DE DECEMBRO NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DESTA ENTIDADE PARA O CURSO 2022/23

O artigo 7.C) do Regulamento de réxime interior das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio establece que é competencia dos Consellos escolares a aprobación da adxudicación de prazas.

Así mesmo, o artigo 8.A) do citado Regulamento determina que a dita competencia será ostentada pola Comisión mixta Consorcio-Concello cando non estea constituído o Consello Escolar.

Pola súa parte, será a Comisión de baremación intercentros quen proceda á aprobación da adxudicación de prazas no caso de aqueles concellos onde se oferten prazas en máis dunha escola, segundo determina o artigo 8.B) do Regulamento.

Por todo o exposto, en virtude da competencia que me confire o artigo 18 do Regulamento de réxime interior, RESOLVO:

1. Facer públicas as listas definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas do procedemento extraordinario de decembro nas Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso escolar 2022/23, por tramos de idade e orde de puntuación segundo o anexo I desta resolución.

2. Establecer a apertura do prazo de matrícula que terá lugar entre os días 23 e 31 de xaneiro de 2023, ambos os dous incluídos. A matrícula poderase realizar a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> ou no centro onde se obtivese a praza, para o que deberá achegar a seguinte documentación:

- Impreso de matrícula cuberto (pode recollelo no propio centro ou descargar da páxina web <http://www.igualdadebenestar.org>).
- Copia da cartilla de vacinacións da nena ou neno.

3. A non formalización da matrícula no prazo sinalado implicará ter por decaída a solicitude de conformidade co previsto no artigo 19.4 do Regulamento de réxime





interno das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

4. Publicar a presente resolución na web do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e nos taboleiros de anuncios das escolas infantís.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

